

BASES LEGAIS

CAMPAÑA “O MEU BARRIO, O MEU ESTILO – TRAVIESAS”

1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A campaña está organizada por Aetravi – Asociación de Comerciantes da Zona Traviesas, con domicilio social en Vigo, e ten como finalidade a dinamización do comercio local da zona de Traviesas.

2. OBXECTO DA PROMOCIÓN

A presente campaña ten por obxecto fomentar as compras no comercio local da zona de Traviesas mediante unha acción participativa en redes sociais que premie a creatividade e a difusión da experiencia de compra.

3. ÁMBITO TERRITORIAL

A promoción desenvolverase exclusivamente nos establecementos comerciais adheridos á campaña situados na zona de Traviesas, en Vigo.

4. DURACIÓN

A campaña estará vixente desde o 3 de xuño ata o 27 de xuño, ambos incluídos. Non se admitirán participacións fóra deste período.

5. PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas físicas maiores de 16 anos que realicen unha compra conforme ás condicións establecidas nestas bases.

No caso de menores de idade, a organización poderá requirir autorización expresa da nai, pai ou titor/a legal para a entrega do premio.

Quedan excluídas da participación:

- Persoas integrantes da directiva de Aetravi.
- Persoal empregado da asociación.
- Persoas propietarias ou empregadas dos establecementos adheridos.

6. MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Para participar será necesario:

1. Realizar unha compra mínima de 20 € nun comercio adherido á campaña.
2. Subir o xustificante ou ticket de compra á plataforma Travi Travi, obrigatorio indicar no rexistro da compra tanto o Nickname como a rede social na que vai publicar a súa compra. Obviamente, deberá de engadir como sempre: tenda na que realizou a compra, adxunta imaxe do ticket, o importe (superior a 20€) e o número de ticket
3. Gravar un vídeo curto (TikTok ou Instagram Reels) mostrando a compra ou a experiencia no comercio.
4. Publicar o vídeo na súa conta persoal.
5. Etiquetar a Aetravi.

O ticket deberá:

- Corresponder a un comercio adherido.
- Ter data comprendida entre o 3 e o 27 de xuño.
- Reflectir un importe mínimo de 20 € nun único ticket.

Non se admitirán acumulacións de varios tickets para acadar o importe mínimo.

7. VALIDACIÓN DAS PARTICIPACIÓNS

A organización comprobará:

- A autenticidade do ticket.
- A data da compra.
- O cumprimento das condicións de publicación.
- A adecuación do contido ás normas de respecto e convivencia.

A organización resérvase o dereito de excluír participacións fraudulentas, ofensivas ou que non cumpran os requisitos establecidos.

8. PREMIOS

Outorgaranse cinco (5) premios consistentes en **ABONO DE 3 DÍAS** para o festival PORTAMÉRICA (Edición xullo 2026).

Os premios son persoais e intransferibles e non poderán ser substituídos por importe económico.

9. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Contaremos co apoio de Mirrór comunicación para a valoración dos videos.

Mirrór Comunicación · Profesionais do deseño, a publicidade e a comunicación visual, con máis de 17 anos de experiencia asesorando a empresas, entidades e proxectos de ámbito público e privado en imaxe corporativa, campañas e contidos audiovisuais.

- **Adecuación ao obxectivo da campaña:** Valora a capacidade do contido para reflectir e reforzar a conexión entre comercio local, barrio, estilo propio e participación cidadá.
- **Creatividade e orixinalidade:** Avalía a achega de ideas orixinais e unha interpretación persoal e diferencial da campaña.
- **Calidade visual e estética:** Analiza o coidado visual do contido mediante aspectos como iluminación, composición, encadre e coherencia estética.
- **Capacidade comunicativa:** Mide a claridade e eficacia do contido para transmitir a mensaxe e captar a atención nas redes sociais.
- **Representación do comercio local e do barrio:** Valora como o contido pon en valor a identidade, proximidade e dinamismo do comercio de proximidade das Travesas.
- **Naturalidade e autenticidade:** Ten en conta que a publicación resulte crible, espontánea e aliñada co espírito real da campaña.
- **Potencial de difusión nas redes sociais:** Avalía a capacidade do contido para xerar interese, interacción e alcance nas plataformas sociais.
- **Corrección e respecto da imaxe da campaña:** Garante que o contido manteña unha imaxe positiva, respectuosa e coherente cos valores de AETRAVI e da campaña.

A decisión será inapelable.

***TODA A INFORMACIÓN ESTARÁ PUBLICADA NA WEB DA ASOCIACIÓN WWW.AETRAVI.COM

10. COMUNICACIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

As persoas gañadoras serán anunciadas nas redes sociais oficiais de Aetravi durante a última semana de xuño o a primeira semana de xullo.

A organización contactará por mensaxe privada para xestionar a entrega do premio.

Se nun prazo de 5 días naturais non se obtén resposta, entenderase que a persoa renuncia ao premio.

11. DEREITOS DE IMAXE E CONTIDO

As persoas participantes autorizan a Aetravi a reproducir, compartir e difundir os vídeos participantes nas súas redes sociais e canles de comunicación, así como utilizalos con fins promocionais da campaña e do comercio local.

Esta autorización non dará dereito a compensación económica adicional.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados serán tratados por Aetravi coa finalidade exclusiva de xestionar a campaña e a entrega de premios.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e demais dereitos recoñecidos na normativa vixente mediante comunicación á asociación.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na campaña implica a aceptación íntegra destas bases.

14. MODIFICACIÓNS E RESPONSABILIDADE

A organización resérvase o dereito de modificar ou cancelar a campaña por causa xustificada.

Aetravi non se responsabiliza de fallos técnicos nas plataformas dixitais, nin de problemas alleos que impidan a correcta participación.